

## CULTURA CLÁSICA.

### CURSO 2012-13. 4º DE ESO.

#### MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA

---

- Presenta dos traballos de clase limpos e ordenados.
- Fai todas as actividades propostas polo profesor, tanto en casa como na clase.
- Amosa unha actitude de respecto e de participación na clase.
- Comentario e debate do texto introdutorio, das imaxes que o acompañan e das respostas ás actividades motivadoras.
- Lectura comprensiva dos bloques temáticos e realización das actividades
- Recoñece a orixe común da maioría das linguas de Europa e, en particular, de España.
- Valora a riqueza cultural inherente á devandita diversidade lingüística e a importancia do grego e do latín na constitución das linguas modernas europeas, especialmente do latín nas linguas romances de España.
- Manifesta curiosidade por coñecer a orixe das palabras e valora ese coñecemento.
- Coñece e analiza criticamente os elementos máis significativos da organización política e social do mundo grego, valorando a súa influencia ao longo da historia e na actualidade.
- Coñece e analiza os elementos máis significativos da organización política e social do mundo romano, valorando a súa influencia ao longo da historia e na actualidade.
- Analiza o fenómeno da guerra e do exército como un instrumento na sociedade grega e romana, subliñando aqueles aspectos de violencia e forza na relación entre países que aínda perviven nas sociedades modernas.
- Coñece e valora o deseño da cidade antiga e da vivenda en Grecia e Roma, analizando os aspectos que debemos conservar e apreciando as melloras que se conseguiron nas cidades e vivendas modernas.
- Coñece e establece comparacións entre os elementos máis significativos dos rituais sociais, dos nenos, da educación, do papel da muller e dos anciáns que permaneceron ou cambiaron na sociedade moderna, sinalando que aspectos deben manterse e cales deben erradicarse ou mellorarse.
- Coñece e establece comparacións entre os elementos máis significativos da vida cotiá en Grecia e Roma (organización do tempo, xornada diaria, gastronomía, indumentaria e estética) que permaneceron ou cambiaron na sociedade moderna, sinalando que aspectos se mantiveron e cales deben erradicarse ou mellorarse
- Coñece e valora o emprego do ocio no mundo grego e romano, os seus aspectos relixiosos e lúdicos, analizando os aspectos positivos e negativos das diversas manifestacións e a súa permanencia no emprego do ocio e nos espectáculos modernos
- Coñece os aspectos estudados da mitoloxía e dos deuses gregos e romanos que a nosa tradición cultural herdou do mundo clásico e identifícalos nas distintas manifestacións artísticas (literatura, música, artes plásticas e visuais, etc.).
- Establece elementos de comparación entre as manifestacións relixiosas actuais e as das civilizacións grega e romana, valorando a súa influencia no desenvolvemento colectivo das persoas e dos pobos.
- Coñece e comprende as achegas máis importantes das literaturas grega e latina á literatura universal, a través dos distintos xéneros literarios e dos principais autores clásicos e as súas obras máis representativas.
- Identifica xéneros literarios de orixe grecolatina que perviven na actualidade e analiza comparativamente a súa forma e contido.
- A metodoloxía de traballo será variada e participativa: o alumno será o protagonista da súa aprendizaxe, mentres que o profesor actuará como guía e mediador do proceso.
- Recoñece e valora a influencia das manifestacións artísticas do mundo clásico na nosa tradición artística, entendendo a herdanza clásica como unha clave para a comprensión e a interpretación da arte ata os nosos días.

- Coñece e valora o noso patrimonio arqueolóxico e cultural, e manifesta unha actitude positiva cara á súa conservación e mellora.
- A metodoloxía de traballo será variada e participativa: o alumno será o protagonista da súa aprendizaxe, mentres que o profesor actuará como guía e mediador do proceso.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

A avaliación do alumno considerárase positiva cando acadase os obxectivos propostos nesta programación e amose interese e participación na materia.

Ademais a calificación final de cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

Un 40% da nota será para os contidos teórico-prácticos.

Un 30% da nota será para a actitude .

Un 30% da nota será para o traballo na casa e na clase.

A nota mínima para aprobar será un 5 aínda que, na derradeira avaliación, e só excepcionalmente, poderá aprobarse cun 4 de ter presentados todos os traballos do caderno e amosar unha actitude de interese na materia ó longo de todo o curso.

O profesor usará como métodos para avaliar ós alumnos os seguintes:

- A observación directa do traballo realizado na clase.
- A corrección dos exames escritos.
- As preguntas orais para controlar o aprendido.
- A atención e a participación na aula.
- Os traballos feitos individualmente ou en grupo.

### **METODOLOXÍA**

- Lectura dos textos introductorios e realización, individualmente ou en colaboración, das actividades motivadoras para descubrir os coñecementos previos, opinións e intereses do alumnado sobre os contidos da unidade.
- Comentario e debate do texto introdutorio, das imaxes que o acompañan e das respostas ás actividades motivadoras.
- Lectura comprensiva dos catro bloques temáticos de cultura e realización das actividades de cada un dos bloques.
- Elaboración de esquemas, resumos e/ou mapas conceptuais dos catro bloques temáticos de cultura.
- Comentario dos textos propostos na unidade e realización das actividades individualmente ou en colaboración dos apartados «Completa a túa aprendizaxe», «Aplica as túas competencias» e «Entende un mito».
- A metodoloxía de traballo será variada e participativa: o alumno será o protagonista da súa aprendizaxe, mentres que o profesor será guía e mediador do proceso.
- A aprendizaxe será funcional, establecendo relacións entre os contidos da materia de Cultura Clásica, as doutras materias e a realidade cotiá do alumno.